



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 103 · Mércores, 7 maio 2014

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

Subdelegación do Goberno

Ourense

Notificación de extracto de resolución a Maximino López González, expediente 9/2014 2

IV. ENTIDADES LOCAIS

Ourense

Bases reguladoras da convocatoria de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro en materia de benestar social 2

Información pública de solicitude de licenza de apertura de local con espazo socio-cultural e cafetería, situado na rúa Cardeal Quevedo, n.º 20, baixo 15

Bases reguladoras para a concesión de axudas en especie para adquisición de libros de texto e material escolar e para comedores escolares 15

Información pública da aprobación inicial do proxecto de urbanización da Zona 4 do SU-25 do PXOU, expediente de Xestión n.º 5754/13 24

Piñor

Exposición pública da aprobación provisional das modificacións da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Piñor 24

Exposición pública da aprobación provisional das modificacións da Ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Piñor 24

Exposición pública da aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles 25

Ribadavia

Exposición pública da conta xeral do orzamento correspondente ao exercicio de 2013 25

Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ourense

Aprobación das listas cobratorias correspondentes á taxa polo servizo de recollida de lixo do exercicio 2014, dos concellos de Baños de Molgas, Xunqueira de Espadanedo, Paderne de Allariz e Parada de Sil e anuncio de cobro 25

Mancomunidade de Concellos "Santa Águeda"

Anuncio de cobro en período voluntario do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e rústica (IBI) e máis o de características especiais (BICE) para o exercicio 2014 26

Exposición pública de listas cobratorias do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e rústica (IBI) e máis o de características especiais (BICE) 2014, correspondentes aos concellos de Amoeiro, Coles, A Peroxa e Vilamarín 27

V. TRIBUNAIS E XULGADOS

Xulgado do Social n.º 2 de Ourense

Citación para actos de conciliación e xuízo a administrador concursal (Pedro Martín Molina) de Obras Caminos y Alfaltos, SA, OCA, SA, nos autos de procedemento ordinario 0000216/2014 27

Xulgado de 1ª Instancia n.º 6 de Ourense

Expediente de dominio. Continuación do tracto 0001340/2013-I 28

II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

Subdelegación del Gobierno

Ourense

Notificación de extracto de resolución a Maximino López González, expediente 9/2014 2

IV. ENTIDADES LOCALES

Ourense

Bases reguladoras de la convocatoria de subvenciones a asociaciones y entidades sin ánimo de lucro en materia de bienestar social 5

Información pública de solicitud de licencia de apertura de local con espacio socio-cultural y cafetería, situado en la calle Cardenal Quevedo, n.º 20, bajo 15

Bases reguladoras para la concesión de ayudas en especie para adquisición de libros de texto y material escolar y para comedores escolares 18

Información pública de la aprobación inicial del Proyecto de Urbanización de la Zona 4 del SU-25 del PGOU, expediente de Gestión n.º 5754/13 24

Piñor

Exposición pública de la aprobación provisional de las modificaciones de la Ordenanza Reguladora del Servicio de Ayuda a Domicilio del Ayuntamiento de Piñor 24

Exposición pública de la aprobación provisional de las modificaciones de la Ordenanza Fiscal de la Tasa por la Prestación del Servicio de Ayuda a Domicilio del Ayuntamiento de Piñor 25

Exposición pública de la aprobación provisional de la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto de Bienes Inmuebles 25

Ribadavia

Exposición pública de la cuenta general del presupuesto correspondiente al ejercicio de 2013 25

Mancomunidad de Municipios de la Comarca de Ourense

Aprobación de las listas cobratorias correspondientes a la tasa por el servicio de recogida de basura del ejercicio 2014, de los ayuntamientos de Baños de Molgas, Xunqueira de Espadanedo, Paderne de Allariz y Parada de Sil y anuncio de cobro 26

Mancomunidad de Ayuntamientos "Santa Águeda"

Anuncio de cobro en período voluntario del impuesto sobre bienes inmuebles de naturaleza urbana y rústica (IBI) y el de características especiales (BICE) para el ejercicio 2014 26

Exposición pública de listas cobratorias del impuesto sobre bienes inmuebles de naturaleza urbana y rústica (IBI) y el de características especiales (BICE) 2014, correspondientes a los ayuntamientos de Amoeiro, Coles, A Peroxa y Vilamarín 27

V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

Juzgado de lo Social n.º 2 de Ourense

Citación para actos de conciliación y juicio a administrador concursal (Pedro Martín Molina) de Obras Caminos y Alfaltos, SA, OCA, SA, en los autos de procedimiento ordinario 0000216/2014 27

Juzgado de 1ª Instancia n.º 6 de Ourense

Expediente de dominio. Reanudación del tracto 0001340/2013-I 28



II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

Subdelegación do Goberno

Secretaría Xeral
Ourense

Edicto

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ao non ser posible a notificación no último domicilio coñecido do interesado, publícase un extracto da resolución ditada polo subdelegado do Goberno en Ourense no procedemento que a continuación se relaciona, podendo examinarse o expediente completo e obter unha copia da resolución no Servizo de Autorizacións Administrativas da Subdelegación do Goberno en Ourense, rúa Parque de San Lázaro, 1, Ourense, en horario de nove a catorce horas, de luns a venres.

Esta resolución esgota a vía administrativa, conforme ao establecido no artigo 109.d da Lei 30/1992, en relación co Real decreto 1778/94, do 5 de agosto, pola que se adecúan a esta as normas reguladoras dos procedementos de outorgamento, modificación e extinción de autorizacións. Contra ela poderá interperse potestativamente un recurso de reposición ante esta Subdelegación do Goberno no prazo dun mes, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado correspondente dos de Ourense, no prazo de dous meses, en ambos os casos contados a partir do día seguinte ao da súa notificación. Todo iso é de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Expediente; interesado; lexislación aplicable; resolución ditada 9/2014; Maximino López González; artigo 97.5 e 98.1 do Regulamento de Armas; renovación licenza de armas tipo "E".
Ourense, 22 de abril de 2014. O secretario xeral.
Asdo.: Manuel Arias Carral (asinado electrónicamente).

Subdelegación del Gobierno

Secretaría General
Ourense

Edicto

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 59.5 y 61 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, al no ser posible la notificación en el último domicilio conocido del interesado, se publica un extracto de la resolución dictada por el subdelegado del Gobierno en Ourense en el procedimiento que a continuación se relaciona, pudiendo examinarse el expediente completo y obtener una copia de la resolución en el Servicio de Autorizaciones Administrativas de la Subdelegación del Gobierno en Ourense, calle Parque San Lázaro, 1, Ourense, en horario de nueve a catorce horas, de lunes a viernes.

Esta resolución agota la vía administrativa, conforme a lo establecido en el artículo 109.d de la Ley 30/1992, en relación con el Real Decreto 1778/94, de 5 de agosto, por la que se adecúan a la misma las normas reguladoras de los procedimientos

de otorgamiento, modificación y extinción de autorizaciones. Contra ella podrá interponerse potestativamente un recurso de reposición ante esta Subdelegación del Gobierno en el plazo de un mes, o bien directamente un recurso contencioso-administrativo ante el juzgado correspondiente de los de Ourense, en el plazo de dos meses, en ambos casos, contados a partir del día siguiente al de su notificación. Todo ello es de conformidad con lo dispuesto en el artículo 116 de la Ley 30/1992, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, y en el artículo 46 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

Expediente; interesado; legislación aplicable; resolución dictada

9/2014; Maximino López González; artículo 97.5 e 98.1 do Regulamento de Armas; renovación licenza de armas tipo "E".

Ourense, 22 de abril de 2014. El secretario general.

Fdo.: Manuel Arias Carral (firmado electrónicamente).

R. 1.580

IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

Ourense

Benestar Social

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de abril de 2014, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

1. Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro en materia de benestar social do Concello de Ourense.

2. Aprobar a convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva con destino a proxectos para desenvolver en materia de benestar social no exercicio económico de 2014 por asociacións e entidades sen ánimo de lucro, no marco dun expediente de tramitación anticipada de gasto.

3. Aprobar o gasto polo importe de trescentos vinte e cinco mil (325.000 €) con cargo á partida 150 2310 48004 condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento municipal para o exercicio económico de 2014.

4. Ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense

Bases reguladoras da convocatoria de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro en materia de benestar social.

1.- Obxecto

Constitúe a finalidade das presentes bases, regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de libre concorrencia sendo a finalidade a de fomentar dende a Concellería de Benestar Social, actividades que, no eido dos servizos sociais promovan as asociacións e entidades sen ánimo de lucro e que poidan ser consideradas de interese social para o Concello de Ourense; as ditas actividades deberán ir dirixidas, de xeito prioritario, a persoas e colectivos en situación de vulnerabilidade social.

Serán obxecto destas subvencións as entidades que desenvolvan proxectos ou accións que teñan por finalidade o fomento de actividades de utilidade pública e interese social ou de promoción social, que cumpran os requisitos e demais normas establecidas nestas bases.

2.- Financiamento

A concesión de subvencións para os fins expostos estará limitada ao crédito dispoñible do orzamento municipal correspondente a cada convocatoria.

En ningún caso o importe da subvención poderá superar o 75% do custo total do proxecto para desenvolver polo beneficiario. Este límite operará, tanto no momento de outorgar a subvención, como no exame da conta xustificativa.

3.- Destinatarios

Poderán solicitar as subvencións establecidas nestas bases:

As asociacións e entidades validamente constituídas sen fin de lucro, e que realicen actividades sociais de interese municipal.

Quedan excluídas desta convocatoria:

- Aquelas actividades ou programas contemplados noutras convocatorias do Concello de Ourense.

- Comidas e excursións.

- Actividades que non cumpran algún dos requisitos das presentes bases, e as referidas no artigo 2.2 da Ordenanza xeral municipal de subvencións.

- Aquelas entidades que estean incurso nun procedemento de reintegro de pagos, é dicir, que adquiriran o dereito a cobro dunha subvención e non a xustificaran, incorrendo na obriga de devolución das cantidades previamente adxudicadas.

- Aquelas asociacións e entidades que presenten actividades que non se axusten ás liñas subvencionables establecidas nas presentes bases.

- Aquelas asociacións e entidades que non cumpran cos requisitos sinalados no punto 4 das presentes bases.

4.- Inicio do procedemento

As asociacións, entidades ou persoas interesadas en xeral, deberán presentar instancia segundo o modelo normalizado de solicitude (anexo I), achegando a seguinte documentación:

1.- Instancia individualizada para cada proxecto asinada polo petionario ou, no caso de persoas xurídicas, polo representante legal, debidamente acreditado, con indicación do domicilio para os efectos de notificacións.

2.- Proxecto explicativo das accións que se pretendan realizar, con especificación, entre outros, dos obxectivos, estimación de beneficiarios, datas e lugar de celebración, recursos humanos. Especificando se é persoal contratado e titulación, ou se é persoal voluntario. Responsable do proxecto.

3.- Orzamento de ingresos e gastos da actividade por ano natural, con expresión do financiamento previsto (anexo III).

4.- Fotocopia do código de identificación fiscal (CIF) no caso de persoas xurídicas e o número de identificación fiscal (NIF) no suposto de persoas físicas.

5.- Ter solicitada inscrición no rexistro de asociacións municipais e nos rexistros oficiais segundo a natureza da actividade que se quere subvencionar indicando no caso de persoas xurídicas, os estatutos que rexen a entidade así como certificación acreditativa dos cargos representativos e do domicilio social.

6.- Certificado orixinal actualizado no que consten os datos bancarios de conta, selado e asinado pola entidade financeira, na que se lle transferirá, de ser o caso, o importe da subvención.

7.- Compromiso firme de comunicar á Concellería de Benestar Social a concesión de calquera outra axuda ou subvención, de entes públicos ou privados, para o mesmo fin, tan pronto se teña coñecemento e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación outorgada para os fondos recibidos.

8.- Declaración responsable de non atoparse incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.

9.- Declaración responsable de non ser debedor á Facenda estatal, autonómica e local, así como con respecto á Seguridade Social.

10.- Compromiso de utilización do galego nas publicacións, na cartalaría, na publicidade e en toda produción escrita de todas as actividades que vaian ser subvencionadas polo Concello de Ourense, deberán estar sempre en lingua galega.

11.- Compromiso ca utilización dunha linguaxe non sexista e inclusiva, así como o uso de imaxes publicitarias que non vulneren a dignidade das mulleres.

Non será preciso presentar os documentos que se atopen nas dependencias municipais, sempre que se manifeste que non sufriron variación ningunha, de acordo co modelo de declaración que se achega.

As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ourense, dirixidas ao alcalde de Ourense, axustándose aos modelos normalizados de solicitude, que se acompañarán como anexos. O prazo de presentación de instancias será dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no BOP da respectiva convocatoria.

As deficiencias na solicitude e as omisións nos documentos que sexan preceptivos deberán emendarse, previo requirimento, no prazo de 10 días desde a notificación, na que se indicará que, de non facerse terase por desistido na súa petición, sendo arquivada sen máis.

5. Gastos subvencionables

Subvencionaranse os equipamentos e recursos que respondan á natureza da acción subvencionada e que consten efectivamente pagos antes da finalización do período de xustificación.

6.- Criterios para a concesión de subvencións

As subvencións teñen carácter voluntario e, polo tanto, non existe a obriga de conceder axuda a todas as solicitudes que se presenten e cumpran os requisitos das bases da convocatoria.

As solicitudes recibidas valoraranse de acordo cos seguintes criterios, por orde de prioridade:

Interese xeral da actividade no ámbito municipal:

Mantemento de recursos específicos necesarios para complementar as intervencións dos servizos sociais comunitarios: 4 puntos.

Accións non desenvolvidas polo concello ou outras Administracións públicas no eido dos servizos sociais: 2 puntos.

Incidencia da actividade:

Accións desenvolvidas no rural: 3 puntos.

Accións desenvolvidas en zonas da periferia urbana: 2 puntos.

Accións desenvolvidas no centro urbano 1 punto.

Que as accións obxecto de subvención teñan prolongación no tempo:

Que a acción ou actividade teña unha duración dun ano ou máis: 3 puntos.

Que a acción ou actividade teña unha duración de máis de seis meses e menos de 12 meses: 2 puntos.

Que a acción teña unha duración inferior a 6 meses: 1 punto.

Recursos humanos aplicados á acción ou actividade:

Persoal contratado con titulación e currículo que responda ás accións obxecto de subvención: 3 puntos.

Persoal voluntario con titulación e currículo que responda ás accións obxecto de subvención: 1 punto.

7.- Instrución

As solicitudes serán tramitadas conforme co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe/a do Servizo de Benestar Social, ou técnico do servizo designado por este, que realizará de oficio



aquelas actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

O órgano Colexiado encargado de emitir o informe de avaliación estará constituído pola concelleira de Benestar Social, en calidade de presidenta, a xefa do servizo, o asesor xurídico, o interventor xeral e dous técnicos do Servizo de Benestar Social, un dos cales realizará as funcións de secretario/a.

O prazo para a resolución das peticións de subvencións será de tres meses como máximo.

8.- Resolución

A resolución da solicitude de subvención realizarase mediante decreto da Concellería Delegada de Benestar Social, e será lle notificada a todos os solicitantes no prazo de 3 meses a partir do día seguinte da finalización do prazo de presentación das solicitudes.

Contra a resolución poderase interpoñer, no prazo de dous meses, un recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo, sen prexuízo de interpoñer previamente un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes diante do órgano que ditara a resolución.

O transcurso do prazo fixado para resolver, sen notificación da resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude.

9.- Obrigas dos beneficiarios

Os beneficiarios asumen as obrigas de:

Acreditar a realización da actividade ou proxectos que xustificaron a concesión da subvención.

Permitir á Concellería de Benestar Social orientar tecnicamente as actividades e comprobar a súa realización e verificación dos datos económicos, así como dar publicidade ao patrocinio da Concellería de Benestar Social.

Utilización do galego nas publicacións, na carteleira, na publicidade e en toda produción escrita de todas as actividades que vaian ser subvencionadas polo Concello de Ourense, deberán estar sempre en lingua galega.

A utilización dunha linguaxe non sexista e inclusiva así como o uso de imaxes publicitarias que non vulneren a dignidade das mulleres.

A xustificación do destino das axudas concedidas deberá efectuarse antes do 30 de novembro de cada ano, ou se, tras pasado o prazo sen resolución da convocatoria de subvención, un mes despois da notificación da resolución, mediante a presentación dunha conta xustificativa comprensiva do ano en curso da convocatoria dos seguintes documentos:

1.- Instancia subscripta polo/a presidente/a da entidade, asociación ou particular dirixida ao alcalde do Concello de Ourense, instando o pagamento da axuda concedida no número de conta indicada na solicitude.

2.- Memoria detallada que conteña unha declaración das actividades realizadas e custo real destas, con detalle ou copia do material de difusión, no que apareza o apoio de Benestar Social do Concello de Ourense, consonte ao manual de estilo publicado na web:

(http://www.ourense.es/portalOurense/RecursosWeb/DOCUMENTOS/1/1_5534_4.pdf)

3.- Relación numerada dos documentos xustificativos de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada con expresión mínima de: data, provedor, obxecto facturado, importe e data de pagamento.

4.- Presentación de orixinais de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico

xurídico mercantil ou laboral. O montante total deberá acreditar un importe da axuda incrementado nun 25%.

As facturas deberán corresponder ao ano natural do inicio da convocatoria (de xaneiro a decembro) e presentarse coa acreditación de estar pagadas, distinguindo para estes efectos dous supostos:

Facturas cun importe superior aos 1.000 euros por provedor, debéndose acreditar o seu pagamento mediante fotocopia do cheque bancario ou, de ser o caso, da transferencia bancaria efectuada.

No resto dos supostos, aceptaranse os pagamentos en efectivo, facendo constancia da sinatura da persoa responsable do cobro acompañado do ticket de caixa.

En ambos os dous casos, cando se acheguen facturas con retencións fiscais, deberá achegarse xustificante de ter ingresado o seu importe na Facenda pública (agás os correspondentes ao último trimestre do ano). No caso de acreditarse gastos mediante nóminas, estas deberán ir acompañadas dos pertinentes Tc's.

5.- Liquidación de ingresos e gastos segundo modelo normalizado que figura no anexo V

6.- No caso de ser beneficiario de achega de importe igual ou superior a 3.000,00 €, certificacións positivas da Axencia Estatal Tributaria e Tesouraría Xeral da Seguridade Social de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

7.- Comunicación doutras axudas concedidas para o mesmo proxecto, indicando importe e entidade que as concedeu. As subvencións concedidas ao abeiro destas bases son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, sempre que no seu conxunto non excedan do 100% do gasto do proxecto subvencionado.

A falta de xustificación dentro do prazo establecido determinará a perda do dereito de cobro, sen prexuízo da incoación dun expediente de reintegro de pagos pola contía dos fondos transferidos.

8.- Acreditación consonte están inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións.

10.- Requisitos das facturas e restantes documentos equivalentes

As facturas que se entreguen como xustificantes de emprego da subvención concedida deberán cumprir os seguintes requisitos:

1.- Os establecidos para a súa expedición no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro:

Datas no período subvencionable e correspondentes á actividade dese período.

Conter o DNI ou NIF do preceptor.

Conter a cabeceira da casa administradora e a sinatura.

2.- Deberá chegar o orixinal e unha copia de cada un dos documentos que se presentan para selar a primeira, que será devolta e compulsada a segunda. O selado consistirá na impresión sobre o documento orixinal dun selo para o efecto polo servizo xestor, con indicación da porcentaxe da subvención que se lle imputa.

3.- No suposto de que a subvención teña como destino o pagamento de honorarios profesionais, a entidade beneficiaria estará obrigada á presentación dos documentos acreditativos da práctica das retencións fiscais que resulten procedentes de acordo coa normativa que lle sexa de aplicación.

11.- Perda do dereito

A falta de xustificación ou a xustificación insuficiente dentro do prazo establecido determinará a perda, total ou parcial, do

dereito de cobro, sen prexuízo da incoación dun expediente de reintegro de pagos pola contía dos fondos transferidos.

12.- Pagamento

Como norma xeral só se procederá ao libramento da subvención concedida, previa xustificación íntegra polo beneficiario da aplicación da subvención recibida.

Non obstante, previa solicitude motivada da entidade subvencionada, e sempre que o permita a dispoñibilidade da Tesourería do Concello de Ourense, poderase efectuar, con carácter anticipado á xustificación dos gastos, o libramento do 50% da contía subvencionada e, unha vez xustificada a totalidade do gasto, aboarase o 50% restante.

13- Seguimento e control

O órgano competente para outorgar a subvención tamén o será para inspeccionar directa ou indirectamente as actividades obxecto da subvención co fin de comprobar a súa adecuación á memoria ou plan presentado e ás condicións establecidas para a concesión da subvención.

14.- Reintegro e procedemento sancionador

Para o suposto de incumprimento do obxecto, condicións ou fins que motivaron a concesión da subvención, ou ante a ausencia da pertinente xustificación, o Concello de Ourense esixirá das persoas físicas ou xurídicas beneficiarias destas, o reintegro das cantidades percibidas, conforme co procedemento establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ourense.

15.- Marco normativo

Naquilo non previsto nestas bases reguladoras aplicarase a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

Disposición derradeira

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Bienestar Social

La Junta de Gobierno Local, en la sesión ordinaria de 3 de abril de 2014, adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo:

1. *Aprobar las bases reguladoras de la convocatoria de subvenciones a asociaciones y entidades sin ánimo de lucro en materia de bienestar social del Ayuntamiento de Ourense.*

2. *Aprobar la convocatoria de subvenciones en régimen de concurrencia competitiva con destino a proyectos para desarrollar en materia de bienestar social en el ejercicio económico de 2014 por asociaciones y entidades sin ánimo de lucro, en el marco de un expediente de tramitación anticipada de gasto.*

3. *Aprobar el gasto por el importe de trescientos veinticinco mil (325.000 €) con cargo a la partida 150 2310 48004, condicionado a la existencia de crédito adecuado y suficiente en el presupuesto municipal para el ejercicio económico de 2014.*

4. *Ordenar su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense.*

Bases reguladoras de la convocatoria de subvenciones a asociaciones y entidades sin ánimo de lucro en materia de bienestar social.

1.- Objeto

Constituye la finalidad de las presentes bases regular el procedimiento de la concesión de subvenciones en régimen de libre concurrencia, siendo la finalidad fomentar desde la

Concejalía de Bienestar Social actividades que en el campo de los servicios sociales promuevan las asociaciones y entidades sin ánimo de lucro y que puedan ser consideradas de interés social para el Ayuntamiento de Ourense. Dichas actividades deberán ir dirigidas de forma prioritaria a personas y colectivos en situación de vulnerabilidad social.

Serán objeto de estas subvenciones las entidades que desarrollen proyectos o acciones que tengan por finalidad el fomento de actividades de utilidad pública e interés social o de promoción social, que cumplan los requisitos y demás normas establecidas en estas bases.

2.- Financiación

La concesión de subvenciones para los fines expuestos estará limitada al crédito disponible del presupuesto municipal correspondiente a cada convocatoria.

En ningún caso el importe de la subvención podrá superar el 75% del coste total del proyecto para desarrollar por el beneficiario. Este límite operará tanto en el momento de otorgar la subvención como en el examen de la cuenta justificativa.

3. Destinatario/a.

Podrán solicitar las subvenciones establecidas en estas bases: Las asociaciones y entidades válidamente constituidas sin fin de lucro, y que realicen actividades sociales de interés municipal.

Quedan excluidas de esta convocatoria:

- *Aquellas actividades o programas contemplados en otras convocatorias del Ayuntamiento de Ourense.*

- *Comidas y excursiones.*

- *Actividades que no cumplan alguno de los requisitos de las presentes bases, e las referidas en el artículo 2.2 de la Ordenanza General Municipal de Subvenciones.*

- *Aquellas entidades que estén incurso en un procedimiento de reintegro de pagos, es decir, que adquirieran el derecho a cobro de una subvención y no justificaran, incurriendo en la obligación de devolución de las cantidades previamente adjudicadas.*

- *Aquellas asociaciones y entidades que presenten actividades que no se ajusten a las líneas subvencionables establecidas en las presentes bases.*

- *Aquellas asociaciones y entidades que no cumplan con los requisitos señalados en el punto 4 de las presentes bases.*

4.- Inicio del procedimiento

Las asociaciones, entidades o personas interesadas en general, deberán presentar instancia según el modelo normalizado de solicitud (Anexo I), adjuntando la siguiente documentación:

1.- *Instancia individualizada para cada proyecto firmada por el petitionerario o, en caso de personas jurídicas, por el representante legal, debidamente acreditado, con indicación del domicilio a los efectos de notificaciones.*

2.- *Proyecto explicativo de las acciones que se pretendan realizar, con especificación, entre otros, de los objetivos, estimación de beneficiarios, fechas y lugar de celebración, recursos humanos. Especificando si es personal contratado y titulación, o si es personal voluntario. Responsable del proyecto.*

3.- *Presupuesto de ingresos y gastos de la actividad por año natural, con expresión de la financiación prevista (Anexo III).*

4.- *Fotocopia del código de identificación fiscal (CIF) en el caso de personas jurídicas y el número de identificación fiscal (NIF) en el supuesto de personas físicas.*

5.- *Tener la solicitud de inscripción en el Registro de Asociaciones Municipales y en los registros oficiales según la naturaleza de la actividad que se quiere subvencionar indicando en el caso de personas jurídicas, los estatutos que rigen la*



entidad, así como certificación acreditativa de los cargos representativos y del domicilio social.

6.- Certificado original actualizado en el que consten los datos bancarios de la cuenta, sellado y firmado por la entidad financiera, en la que se le transferirá, en su caso, el importe de la subvención.

7.- Compromiso firme de comunicar a la Concejalía de Bienestar Social la concesión de cualquier otra ayuda o subvención, de entes públicos o privados, para el mismo fin, tan pronto se tenga conocimiento y, en todo caso, con anterioridad a la justificación de la aplicación otorgada para los fondos recibidos.

8.- Declaración responsable de no encontrarse incurso en las prohibiciones para obtener la condición de beneficiario.

9.- Declaración responsable de no ser deudor a la Hacienda estatal, autonómica y local, así como con respecto a la Seguridad Social.

10.- Compromiso de utilización del gallego en las publicaciones, en la cartelera, en la publicidad y en toda producción escrita de todas las actividades que vayan a ser subvencionadas por el Ayuntamiento de Ourense, deberán estar siempre en lengua gallega.

11.- Compromiso con la utilización de un lenguaje no sexista e inclusivo, así como el uso de imágenes publicitarias que no vulneren la dignidad de las mujeres.

No será preciso presentar los documentos que se encuentren en las dependencias municipales, siempre que se manifieste que no sufrieron variación alguna, de acuerdo con el modelo de declaración que se adjunta.

Las instancias se presentarán en el Registro General del Ayuntamiento de Ourense, dirigidas al alcalde de Ourense, ajustándose a los modelos normalizados de solicitud, que se acompañarán como anexos. El plazo de presentación de instancias será de un mes, contado a partir del día siguiente de la publicación en el BOP de la respectiva convocatoria.

Las deficiencias en la solicitud y las omisiones en los documentos que sean preceptivos deberán enmendarse previo requerimiento en el plazo de 10 días desde la notificación, en la que se indicará que, de no hacerse, se tendrá por desistido en la petición, siendo archivada sin más.

5.- Gastos subvencionables.

Se subvencionarán los equipamientos y recursos que respondan a la naturaleza de la acción subvencionada y que consten efectivamente pagos antes de la finalización del periodo de justificación.

6.- Criterios para la concesión de subvenciones

Las subvenciones tienen carácter voluntario y, por lo tanto, no existe la obligación de conceder ayuda a todas las solicitudes que se presenten y cumplan los requisitos de la base de la convocatoria.

Las solicitudes tienen carácter voluntario y, por lo tanto, no existe la obligación de conceder ayuda a todas las solicitudes que se presenten y cumplan los requisitos de las bases de la convocatoria.

Las solicitudes recibidas se valorarán de acuerdo con los siguientes criterios, por orden de prioridad:

Interés general de la actividad en el ámbito municipal:

Mantenimiento de recursos específicos necesarios para complementar las intervenciones de los servicios sociales comunitarios: 4 puntos.

Acciones no desarrolladas por el ayuntamiento u otras administraciones públicas en el campo de los servicios sociales: 2 puntos.

Incidencia de la actividad:

Acciones desarrolladas en el rural: 3 puntos.

Acciones desarrolladas en zonas de la periferia urbana: 2 puntos.

Acciones desarrolladas en el centro urbano 1 punto.

Que las acciones objeto de subvención tengan prolongación en el tiempo:

Que la acción o actividad tenga una duración de un año o más: 3 puntos.

Que la acción o actividad tenga una duración de más de seis meses e menos de 12 meses: 2 puntos.

Que la acción tenga una duración inferior a 6 meses: 1 punto.

Recursos humanos aplicados a la acción o actividad:

Personal contratado con titulación y curriculum que responda a las acciones objeto de subvención: 3 puntos.

Personal voluntario con titulación y curriculum que responda a las acciones objeto de subvención: 1 punto.

7.- Instrucción

Las solicitudes serán tramitadas conforme con lo dispuesto en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.

La instrucción del procedimiento de concesión de subvenciones corresponde al jefe del Servicio de Bienestar Social, o técnico de servicio designado por este, que realizará de oficio aquellas actuaciones que estime necesarias para la determinación, conocimiento y comprobación de los datos en virtud de los cuales deba formularse la propuesta de resolución.

El órgano colegiado encargado de emitir el informe de evaluación estará constituido por la concejala de Bienestar Social, en calidad de presidenta, la jefa del servicio, el asesor jurídico, el interventor general y dos técnicos del Servicio de Bienestar Social, uno de los cuales realizará las funciones de secretario.

El plazo para la resolución de las peticiones de subvenciones será de tres meses como máximo.

8.- Resolución

La resolución de la solicitud de subvención se realizará mediante decreto de la concejala-delegada de Bienestar Social y, será notificada a todos los solicitantes en el plazo de 3 meses, a partir del día siguiente de la finalización del plazo de presentación de las solicitudes.

Contra la resolución se podrá interponer, en el plazo de dos meses, un recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo, sin perjuicio de interponer previamente un recurso potestativo de reposición en el plazo de un mes, ante el órgano que dictara la resolución.

El transcurso del plazo fijado para resolver, sin notificación de la resolución expresa, legitima a los interesados para entender desestimada por silencio administrativo la solicitud.

9.- Obligaciones de los beneficiarios

Los beneficiarios asumen las obligaciones de:

Acreditar la realización de la actividad o proyectos que justificaron la concesión de la subvención.

Permitir a la Concejalía de Bienestar Social a orientar técnicamente las actividades y comprobar su realización y verificación de los datos económicos, así como publicitar el patrocinio de la Concejalía de Bienestar Social.

A utilizar el gallego en las publicaciones, en la cartelera, en la publicidad y en toda producción escrita de todas las actividades que vayan a ser subvencionadas por el Ayuntamiento de Ourense, que deberán estar siempre en lengua gallega.

A utilizar un lenguaje no sexista e inclusiv, así como al uso de imáxenes publicitarias que no vulneren la dignidad de las mujeres.

La justificación del destino de las ayudas concedidas deberá efectuarse antes del 30 de noviembre de cada año, o si traspasado el plazo sin resolución de la convocatoria de subvención, un mes después de la notificación de la resolución, mediante la presentación de una cuenta justificativa comprensiva del año en curso de la convocatoria, de los siguientes documentos:

1.- Instancia suscrita por el/a presidente/a de la entidad, asociación o particular, dirigida al alcalde del Ayuntamiento de Ourense, instando el pago de la ayuda concedida en el número de cuenta indicada en la solicitud.

2.- Memoria detallada que contenga una declaración de las actividades realizadas y coste real de estas, con detalle o copia del material de difusión, en el que aparezca el de Bienestar Social del Ayuntamiento de Ourense, de acuerdo al manual de estilo publicado en la web:

(http://www.ourense.es/portalOurense/RecursosWeb/DOCUMENTOS/1/1_5534_4.pdf)

3.- Relación numerada de los documentos justificativos de cada uno de los gastos realizados con motivo de la actividad subvencionada con expresión mínima de: fecha, proveedor, objeto facturado, importe y fecha de pago.

4.- Presentación de originales de facturas o demás documentos de valor probatorio equivalentes, con validez en el tráfico jurídico mercantil o laboral. El montante total deberá acreditar un importe de la ayuda incrementado en un 25%.

Las facturas deberán corresponder al año natural del inicio de la convocatoria (de enero a diciembre) y presentarse con la acreditación de estar pagadas, distinguiendo a estos efectos dos supuestos:

Facturas con un importe superior a los 1.000 euros por proveedor, debiendo acreditarse su pago mediante fotocopia del cheque bancario o en su caso de la transferencia bancaria efectuada.

En el resto de los supuestos se aceptarán a los pagos en efectivo, haciendo constancia la firma de la persona responsable del cobro acompañado del ticket de caja.

En ambos casos, cuando se aporten facturas con retenciones fiscales, deberá aportarse justificante de haber ingresado su importe en la Hacienda pública (excepto los correspondientes al último trimestre del año). En el caso de que se acrediten gastos mediante nóminas, estas deberán ir acompañadas de los pertinentes Tc's.

5.- Liquidación de ingresos y gastos según modelo normalizado que figura en el Anexo V.

6.- En el caso de ser beneficiario de aportación de importe igual o superior a 3.000,00 €, certificaciones positivas de la Agencia Estatal Tributaria y Tesorería General de la Seguridad Social de estar al corriente del cumplimiento de las obligaciones tributarias frente a la Seguridad Social.

7.- Comunicación de otras ayudas concedidas para el mismo proyecto, indicando importe y entidad concedente. Las subvenciones concedidas al amparo de estas bases son compatibles con otras ayudas o subvenciones públicas, siempre que en su conjunto no excedan del 100% del gasto del proyecto subvencionado.

La falta de justificación dentro del plazo establecido determinará la pérdida del derecho de cobro, sin perjuicio de la incoación de un expediente de reintegro de pagos por la cuantía de los fondos transferidos.

8.- Acreditación conforme están inscritos en el Registro Municipal de Asociaciones.

10.- Requisitos de las facturas y restantes documentos equivalentes.

Las facturas que se entreguen como justificantes de empleo de la subvención concedida deberán cumplir los siguientes requisitos:

1.- Los establecidos para su expedición en el Real Decreto 1619/2012, de 30 de noviembre:

Fechas en el periodo subvencionable y correspondientes a la actividad de ese periodo.

Contener el DNI o NIF del preceptor.

Contener la cabecera de la casa suministradora y la firma.

2.- Deberá adjuntar el original y una copia de cada uno de los documentos que se presentan para sellar la primera, que será devuelta y compulsada la segunda. El sellado consistirá en la impresión sobre el documento original de un sello al efecto por el servicio gestor, con indicación del porcentaje de la subvención que se le imputa.

3.- En el supuesto de que la subvención tenga como destino el pago de honorarios profesionales, la entidad beneficiaria estará obligada a la presentación de los documentos acreditativos de la práctica de las retenciones fiscales que resulten procedentes de acuerdo con la normativa que le sea de aplicación.

11.- Pérdida del derecho

La falta de justificación o justificación insuficiente dentro del plazo establecido determinará la pérdida, total o parcial, del derecho de cobro, sin perjuicio de la incoación de un expediente de reintegro de pagos por la cuantía de los fondos transferidos.

12.- Pago

Como norma general sólo se procederá al libramiento de la subvención concedida, previa justificación íntegra por el beneficiario de la aplicación de la subvención recibida.

No obstante, previa solicitud motivada de la entidad subvencionada, y siempre que lo permita la disponibilidad de la Tesorería del Ayuntamiento de Ourense, podrá efectuarse, con carácter anticipado a la justificación de los gastos, el libramiento del 50% de la cuantía subvencionada y, una vez justificada la totalidad del gasto, se abonará el 50% restante.

13.- Seguimiento y control

El órgano competente para otorgar la subvención lo será también para inspeccionar directa o indirectamente las actividades objeto de la subvención, con el fin de comprobar su adecuación a la memoria o plan presentado y a las condiciones establecidas para la concesión de la subvención.

14.- Reintegro y procedimiento sancionador

Para el supuesto de incumplimiento del objeto, condiciones o fines que motivaron la concesión de la subvención, o ante la ausencia de la pertinente justificación, el Ayuntamiento de Ourense exigirá de las personas físicas o jurídicas beneficiarias de estas el reintegro de las cantidades percibidas, conforme al procedimiento establecido en la Ordenanza General de Subvenciones del Ayuntamiento de Ourense.

15.- Marco normativo

En aquello no previsto en estas bases reguladoras, se aplicará la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones y su Reglamento, la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia y la Ordenanza General Municipal de Subvenciones del Ayuntamiento de Ourense.

Disposición última

Estas bases entrarán en vigor al día siguiente de la publicación en el Boletín Oficial de la Provincia.



ANEXO I

[Documento bilingüe; galego/castellano]

INSTANCIA-SOLICITUDE / INSTANCIA-SOLICITUD**DATOS DO SOLICITANTE / DATOS DEL SOLICITANTE**

Nome e apelidos ou denominación social / Nombre y apellidos o denominación social :		DNI / CIF
Representante	Teléfono	Fax
Dirección		Código postal
E-mail		

SOLICITO que se admita a solicitude de subvención polo importe que se indica, con destino a sufragar os gastos das actividades relacionadas, e do que se acompañan os documentos requiridos na convocatoria. /

SOLICITO que se admita la solicitud de subvención por el importe que se indica, con destino a sufragar los gastos de las actividades relacionadas, y del que se acompañan los documentos requeridos en la convocatoria.

ACTIVIDADES:

IMPORTE:

Así mesmo, declaro baixo a miña responsabilidade que:

Non se solicitaron nin obtiveron outras subvencións para a mesma finalidade ao longo do presente ano / No se solicitaron ni obtuvieron otras subvenciones para la misma finalidad a lo largo del presente año.

Solicitáronse subvencións a outros organismos ou institucións, en concreto: / Se solicitaron subvenciones a otros organismos o instituciones, en concreto:

_____	Resultado:	<input type="checkbox"/> concedida	<input type="checkbox"/> denegada	<input type="checkbox"/> trámite	Importe:	<input type="text"/>	€
_____	Resultado:	<input type="checkbox"/> concedida	<input type="checkbox"/> denegada	<input type="checkbox"/> trámite	Importe:	<input type="text"/>	€
_____	Resultado:	<input type="checkbox"/> concedida	<input type="checkbox"/> denegada	<input type="checkbox"/> trámite	Importe:	<input type="text"/>	€
_____	Resultado:	<input type="checkbox"/> concedida	<input type="checkbox"/> denegada	<input type="checkbox"/> trámite	Importe:	<input type="text"/>	€

Ourense,
Asinado / Firmado

Alcalde de OURENSE

**PROXECTO OU ACTIVIDADE / PROYECTO O ACTIVIDAD**

--

ENTIDADE OU ORGANIZACIÓN PROMOTORA (se é o caso) ENTIDAD U ORGANIZACIÓN PROMOTORA (en su caso)

--

PERSOA RESPONSABLE DESTA / PERSONA RESPONSABLE DE ESTE

--

FUNDAMENTACIÓN (razón pola que se solicita a axuda) / (razón por la que solicita la ayuda)**OBJETIVOS:**

ACTIVIDADES	DATA DE EXECUCIÓN / FECHA DE EJECUCIÓN

DESTINATARIOS/AS (quen van participar nel, para quen se organizan as actividades, número aproximado de participantes, etc.) / (quienes van a participar en él, para quién se organizan las actividades, número aproximado de participantes, etc).



--

OBSERVACIÓNS / OBSERVACIONES

Para cubrir pola Concellería delegada de Benestar Social / A cubrir por la Concejalía delegada de Bienestar Social

Núm. de expediente	Data de entrada	Data Xunta de Goberno
Sentido da resolución	Data de comunicación	Data de Xustificación

Ourense,
Asdo.:

Alcalde de **OURENSE**



ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Presidente (a)

Nome e apelidos / Nombre y apellidos :	DNI
Entidade / Entidad:	CIF:
Dirección	Localidade / Localidad

Secretario (a)

Nome e apelidos / Nombre y apellidos:	DNI
---------------------------------------	-----

FORMULAMOS SOLIDARIAMENTE A PRESENTE DECLARACIÓN RESPONSABLE, para os efectos de acreditar ante a Concellaría de Benestar Social (Proxecto de subvencións 2012) / FORMULAMOS SOLIDARIAMENTE LA PRESENTE DECLARACIÓN RESPONSABLE, a los efectos de acreditar ante la Concejalía de Bienestar Social (Proyecto de subvenciones 2012)

1. Que nin a entidade, nin os seus membros, nos casos legalmente establecidos, se encontren incurso en ningunha das prohibicións reguladas no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario de subvencións das administracións públicas. / Que ni la entidad, ni sus miembros, en los casos legalmente establecidos, se encuentren incurso en ninguna de las prohibiciones reguladas en el artículo 13 de la Ley 38/2003, General de Subvenciones, para obtener la condición de beneficiario de subvenciones de las administraciones públicas.
2. Que o importe da subvención solicitada non supera o 75% do custo realmente soportado pola entidade, considerando outras subvencións que puideran conceder coa mesma finalidade. / Que el importe de la subvención solicitada no supera el 75% del coste realmente soportado por la entidad, considerando otras subvenciones que hayan podido conceder con la misma finalidad.
3. Que a entidade non é debedora á Facenda estatal, autonómica nin local nin coa Seguridade Social. / Que la entidad no es deudora a la Hacienda estatal, autonómica ni local ni con la Seguridad Social.
4. Que nos comprometemos a custodiar os fondos da subvención, así como os documentos acreditativos da aplicación. / Que nos comprometemos a custodiar los fondos de la subvención, así como los documentos acreditativos de la aplicación.
5. Que nos comprometemos a facilitar tanta información nos sexa requirida pola Concellaría de Benestar Social de Ourense, referente a calquera circunstancia ou extremo relativo á subvención outorgada. / Que nos comprometemos a facilitar cuanta información nos sea requerida por la Concejalía de Bienestar Social de Ourense, referente a cualquier circunstancia o extremo relativo a la subvención otorgada.
6. Que nos comprometemos a realizar o rexistro, na contabilidade, do ingreso da subvención percibida, segundo establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. / Que nos comprometemos a realizar el registro, en la contabilidad, del ingreso de la subvención percibida, según establece la Ley 38/2003, del 17 de noviembre, General de Subvenciones.
7. Que o código de identificación fiscal (CIF) no caso de persoas xurídicas e o número de identificación fiscal (NIF) no suposto de persoas físicas si se encontran ante o organismo correspondente e non sufrira modificación ningunha./ Que el código de identificación fiscal (CIF) en el caso de personas jurídicas y el número de identificación fiscal (NIF) en el supuesto de personas físicas, si se encuentran ante el organismo correspondiente y no han sufrido modificación alguna.
8. Que hai uns estatutos que rexen a entidade, así como a certificación acreditativa dos cargos representativos e domicilio social no caso de persoas xurídicas. / Que hay unos estatutos que rigen la entidad así como certificación acreditativa de los cargos representativos y domicilio social en el caso de personas jurídicas.

Ourense ,
PRESIDENTE (A)

SECRETARIO(A)



ANEXO III

ORZAMENTO / PRESUPUESTO

INGRESOS		GASTOS	
	EUROS		EUROS
Cotas / Cuotas		Persoal / Personal	
Ingresos ordinarios		Servizos / Servicios	
Subvencións / subvenciones		Imprevistos	
Outros ingresos / Otros ingresos		Outros / Otros	
TOTAL INGRESOS		TOTAL GASTOS	



ANEXO IV

RELACIÓN NUMERADA DE DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS / RELACIÓN NUMERADA DE DOCUMENTOS
JUSTIFICATIVOS

NÚM.	FACTURA	FORNECEDOR/PROVEEDOR	CONCEPTO	IMPORTE EUROS



ANEXO V

LIQUIDACIÓN DE ORZAMENTOS DE INGRESOS E GASTOS / LIQUIDACIÓN DEL PRESUPUESTO DE INGRESOS Y GASTOS

INGRESOS			GASTOS		
	ORZAMENTO/ PRESUPUESTO	RECOÑECIDOS / RECONOCIDOS		ORZAMENTO/ PRESUPUESTO	RECOÑECIDOS / RECONOCIDOS
Cotas / Cuotas			Persoal / Personal		
Ingresos ordinarios			Servizos / Servicios		
Subvencións / Subvenciones			Imprevistos		
Outros / Otros			Outros / Otros		
TOTAL INGRESOS INGRESOS			TOTAL GASTOS		

Alcalde de OURENSE

Ourense

Servizo de Licenzas Urbanísticas de Actividade,
Aperturas e Disciplina

Anuncio

Sección de Licenzas de Actividades e Aperturas

Referencia expediente: 2013008595

Asunto: información pública

Regulamento de espectáculos públicos e actividades recreativas

En cumprimento do disposto no artigo 36.b.3 do Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de espectáculos públicos e actividades recreativas, sométese a información pública o expediente polo que El Cercano, SL, solicita licenza de apertura de local con espazo socio-cultural e cafetería, situado na rúa Cardeal Quevedo, n.º 20, baixo, coa finalidade de todas as persoas que se consideren afectadas dalgún modo pola actividade poidan examinar o proxecto presentado e realizar as observacións que consideren oportunas, presentándoas por escrito no Rexistro Xeral deste concello, no prazo de 10 días dende a inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Ourense, 22 de abril de 2014. O alcalde.

Asdo.: Agustín Fernández Gallego.

*Servicio de Licencias Urbanísticas de Actividad,
Aperturas y Disciplina*

Anuncio

Sección de Licencias de Actividades y Aperturas

Referencia expediente: 2013008595

Asunto: información pública

Reglamento de Espectáculos Públicos y Actividades Recreativas

En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 36.b.3, del Real Decreto 2816/1982, de 27 de agosto, por el que se aprueba el Reglamento de Espectáculos Públicos y Actividades Recreativas, se somete a información pública el expediente por el que El Cercano, SL, solicita licencia de apertura de local con espacio socio-cultural y cafetería situado de local con espacio socio-cultural y cafetería situado en la rúa Cardenal Quevedo, n.º 20, bajo, con la finalidad de que todas las personas que se consideren afectadas de algún modo por la actividad puedan examinar el proyecto presentado y realizar las observaciones que consideren oportunas, presentándolas por escrito en el Registro General de este ayuntamiento, en el plazo de 10 días desde la inserción de este anuncio en el Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Ourense, 22 de abril de 2014. El alcalde.

Fdo.: Agustín Fernández Gallego.

R. 1.615

Ourense

Benestar Social

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de abril de 2014, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

1. Aprobar as bases de axudas en especie para adquisición de libros de texto e material escolar e para comedores escolares.

2. Convocar as axudas en especie da Concellería de Benestar Social para adquisición de libros de texto e para comedor escolar, destinadas a familias do Concello de Ourense que teñan menores ao seu cargo escolarizados en centros públicos ou con-

certados, segundo as bases reguladoras destas axudas do Concello de Ourense; con cargo á partida 150 2310 22690, por importe de vinte mil euros (20.000,00 €) para libros de texto, e da partida 150 2313 22642, por importe de oitenta e sete mil euros (87.000,00 €) para comedores escolares

3. Publicar esta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Bases reguladoras para a concesión de axudas en especie para a adquisición de libros de texto e material escolar e para comedores escolares

Artigo 1.- Obxecto

É obxecto destas bases a regulación da concesión de axudas para adquisición de libros de texto e material escolar e para comedor escolar, destinadas a unidades de convivencia en desvantaxe social e con menor poder adquisitivo do Concello de Ourense, que teñan nenos e nenas ao seu cargo escolarizados en centros públicos ou concertados do Concello de Ourense, nos que non se segregue aos alumnos/-as por sexo.

Artigo 2.- Natureza xurídica

As axudas que se conceden terán carácter de subvención e rexeranse pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e normativa que a desenvolve, e a Lei 9/2007, do subvencións de Galicia.

Artigo 3.- Compatibilidade

As axudas serán incompatibles con calquera outra axuda que puidera percibirse coa mesma finalidade doutras institucións públicas ou privadas.

Artigo 4.- Destinatarios

Unidades de convivencia en desvantaxe social e con menor poder adquisitivo residentes no Concello de Ourense que, ao finalizar o prazo de presentación de solicitudes:

4.1. Conten con nenos e nenas a cargo, escolarizados en centros de ensinanza públicos ou concertados do Concello de Ourense, segundo as seguintes condicións:

4.1.1. Para o caso das axudas de libros e material escolar, estar matriculados en Educación Infantil (3, 4 e 5 anos).

4.1.2. Para o caso das axudas de comedor, estar matriculados en Educación Infantil, Educación Primaria ou Secundaria Obrigatoria e ter praza de comedor escolar no centro.

4.2. Estean empadroados no Concello de Ourense, con tres meses mínimo de antigüidade, todos os membros da unidade de convivencia.

4.3. Non superen os 3500 € de renda per cápita anual. Computarase un membro máis no caso de presentar algún deles unha discapacidade igual ou superior ao 33%, e tamén no caso de ser familia monoparental (enténdese por familia monoparental a constituída por unha soa persoa proxenitora/titora con quen convive o/a neno/a, e que sexa a única sustentadora da familia).

Para os efectos destas bases reguladoras, considérase que forman a unidade de convivencia:

Os cónxuxes, parellas de feito ou titores legais, os fillos maiores e menores de idade e os ascendentes dos cónxuxes, parellas de feito ou titores legais que convivan no mesmo domicilio.

Nos casos de separación ou divorcio considerárase o pai ou a nai que teña a custodia dos menores por sentenza xudicial. No caso de custodia compartida, ambos os dous proxenitores.

Artigo 5.- Lugar, prazo e forma de presentación das solicitudes

As solicitudes deberán presentarse, debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do Concello de Ourense e ante os órganos sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemen-



to administrativo común. O prazo de presentación será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes, acompañadas da restante documentación preceptiva e os anexos, deberán presentarse no modelo normalizado de solicitude firmado pola persoa solicitante (pai/nai/titor/a) no que se especificará o nome do menor ou menores, o centro escolar e o curso para o que se solicita a axuda.

As deficiencias e as omisións na solicitude e restante documentación preceptiva deberán emendarse tras requirimento, no prazo de dez días desde a notificación, na que se indicará que se non se fixese terase por desistido da súa petición.

A presentación da solicitude leva consigo a aceptación incondicional das bases reguladoras e da convocatoria.

Artigo 6.- Documentación

A documentación preceptiva, que será entregada en copia e orixinal para a súa compulsión, é a seguinte:

6.1.- Modelo normalizado de solicitude completamente cuberto, no que se especificará o nome do(s)/da(s) neno(s)/a(s), o centro escolar e o curso para o que se solicita a bolsa, asinado pola persoa solicitante. En caso de custodia compartida deberá ser asinado por ambos os dous proxenitores.

6.2.- Declaración responsable do compromiso, datos, e cumprimento de obrigas asinado.

6.3.- Fotocopia dos DNI/NIE/pasaporte (en vigor) de todos os membros da unidade de convivencia e do(s) libro(s) de familia completa (ou, no seu defecto, documentación que o substitúa).

6.4.- Fotocopia da declaración do IRPF do exercicio anterior ao da convocatoria correspondente, de cada un dos membros computables da unidade de convivencia. Aqueles que estean estudando e sexan maiores de 16 anos, certificado do centro de estudos no que se faga constar esta situación. As persoas perceptoras de pensións de incapacidade deberán presentar obrigatoriamente o certificado de pensión.

En caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF deberá axuntar a seguinte documentación cada un dos membros da unidade familiar maiores de 16 anos:

- Certificado de empresa de todas as empresas nas que traballou no exercicio fiscal anterior, se hai máis dunha, ou outros documentos que acrediten os ingresos obtidos nese ano.

- Certificado do SEPE do cobro ou non de prestacións durante o exercicio anterior.

- Xustificante de pensión do exercicio anterior, de ser pensionista (xubilación, discapacidade, viuvez, orfandade, favor familia,...).

6.5.- Impreso de autorización para a obtención de datos tributarios do ano fiscal que corresponda de todas as persoas empadroadas no mesmo domicilio e con lazos familiares. As persoas non obrigadas a declarar presentarán igualmente esta autorización. É obriga e responsabilidade das familias estar ao día nos seus datos fiscais ante a Axencia Tributaria. Non se tomarán en conta os datos fiscais das familias sobre as que Facenda non certifique o peche do ano fiscal correspondente ou non estean dados de alta na AEAT. Nos anexos figura o modelo de autorización para consulta de datos da Administración Tributaria.

6.6.- Informe de vida laboral completo e actualizado da Tesourería da Seguridade Social. En caso de telo solicitado, presentarse a copia do resgardo da solicitude e o informe axuntarse á solicitude en canto sexa emitido e recibido. As persoas que teñan a condición de empregados da Administración pública, e a súa vida laboral se rexa por entidades distintas á

Seguridade Social (MUFACE, ISFAS, MUNPAL, etc.), deberán presentar certificación que substitúa á da vida laboral.

6.7.- Xustificante de ingresos das seguintes prestacións, no caso de ter sido beneficiario no ano anterior ao da convocatoria:

- Prestación por fillo/a a cargo.

- RISGA.

6.8.- a) -No caso de separación ou divorcio legal, copia da sentenza e do convenio regulador, así como xustificantes bancarios das achegas económicas establecidas na sentenza. En situacións de non-pagamento, copia da solicitude de execución de sentenza presentada ante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións.

b) En caso de unións de feito nas que non exista convivencia, sentenza de garda, custodia e alimentos, así como xustificante das achegas económicas establecidas na dita sentenza. En situacións de non-pagamento, copia da solicitude de execución da sentenza presentada diante do xulgado ou xustificante do inicio das actuacións.

6.9.- No caso de que as/os menores estean en situación de acollemento por resolución administrativa ou auto xudicial, deberase acreditar mediante copia do certificado do organismo competente e, de ser o caso, a contía da remuneración.

O certificado de empadramento e convivencia será incorporado ao expediente de oficio.

O/a solicitante queda obrigado a comunicar ao concello calquera alteración das circunstancias que motivaron a concesión da bolsa.

Nos casos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o responsable da bolsa será o pai ou nai que teña atribuída a custodia do menor, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial.

No suposto de acollemento, o responsable da bolsa será a persoa ou persoas que o teñan adxudicado por resolución administrativa ou auto xudicial.

En ningún caso poderán ser responsables da bolsa os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou se a tutela ou a garda fora asumida por unha institución pública.

Artigo 7.- Criterios de valoración e contía das axudas

As axudas concederanse por rigorosa orde, atendendo á menor renda per cápita, ata esgotar o presuposto asignado a cada proxecto. As unidades de convivencia que, aínda reunindo os requisitos desta convocatoria, non aparezan como beneficiarias, quedarán en lista de agarda. Poderán concederse máis axudas, respectando a orde da lista de agarda, no caso de que se produzan baixas ou exista máis dispoñibilidade orzamentaria.

7.1.- Contía das axudas en especie para libros e material escolar

Educación Infantil :

1. 1º de Educación Infantil (3 anos): 90 € por alumno/a
2. 2º de Educación Infantil (4 anos): 110 € por alumno/a
3. 3º de Educación Infantil (5 anos): 125 € por alumno/a

7.2.- Contía das axudas de comedor

Nos centros públicos pagarase a totalidade e nos concertados 45 € mes, tendo a obriga os pais de facer fronte ao pago da diferenza.

Artigo 8.- Tramitación e resolución das solicitudes

As solicitudes tramitaranse de conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións, de acordo coa súa disposición derradeira primeira.

A instrución do procedemento de concesión correspóndelle á Xefatura do Servizo de Benestar Social, que realizará cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñece-

mento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formular as propostas de resolución. A resolución definitiva corresponderalle á Xunta de Goberno do Concello de Ourense.

O prazo para a resolución definitiva das peticións de subvención será de catro meses. O vencemento do prazo máximo sen que sexa comunicada a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Toda publicación/notificación, sexa individual ou colectiva, á que faga referencia estas bases realizarase mediante publicación na localización web e taboleiro de anuncios do concello de Ourense. A publicación substituirá á notificación persoal e terá os mesmos efectos, segundo a Lei 30/1992.

A resolución provisional publicarase no taboleiro de edictos do concello, situado na praza Maior, n.º 1, e na páxina web do concello (www.ourense.es), concedéndose un prazo de 10 días para presentar alegacións e/ou emendar documentación. Nestas listas provisionais reflectiranse todas as solicitudes: as completas, as denegadas e as pendentas de emendar documentación, advertindo neste último caso que, de non emendar en prazo, quedarán denegadas.

A resolución definitiva que se adopte e as listas de solicitudes admitidas, denegadas e en lista de agarda serán, así mesmo, publicadas na mesma forma que a resolución provisional. Estas publicacións substituirán á notificación nos termos que se establecen no artigo 59.6 b. e 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os beneficiarios terán un prazo de 10 días, desde a notificación da resolución definitiva, para aceptar ou rexeitar a subvención; de non se producir manifestación expresa, entenderase aceptada tacitamente.

As listas provisionais e as definitivas publicaranse co nome e apelidos dos/as solicitantes das axudas.

Artigo 9.- Pagamento e xustificación

9.1.- Axudas en especie para libros e material escolar

O pagamento destas axudas realizarase mediante entrega de vales segundo o seguinte procedemento:

Os beneficiarios da bolsa para libros deberán entregar a lista dos libros e material dos menores selada polo centro escolar, na primeira quincena do mes de setembro, e o concello entregará os vales para cambiar en librerías do concello de Ourense.

9.2.- Axudas de comedor

O prezo da praza de comedor será comunicado ao Servizo de Benestar Social do Concello polo centro escolar, previamente deducidas as subvencións recibidas ou pendentas de recibir, para a mesma finalidade, tendo a obriga os pais de facer fronte ao pago da diferenza non subvencionada.

As axudas concédense ás familias e pagaranse aos centros. Os centros asumen o compromiso de comunicar as baixas e os traslados dos/as alumnos/as beneficiarios/as ao Servizo de Benestar Social.

9.3.- Pagamento aos colexios e seguimento das axudas

O pagamento da axuda para comedor realizarase contra a presentación da correspondente factura polos centros escolares, dirixida á Concellería de Benestar Social cos requisitos legalmente establecidos, e con indicación clara e precisa do seu concepto, así como a identificación da persoa que percibe a subvención. Nos centros concertados as empresas encargadas do servizo de comedor ou, de ser o caso, os propios centros, deberán achegar coa factura mensual os xustificantes de pago da diferenza realizado polos pais ou titores dos/as nenos/as.

O traslado de centro docente, ao longo do curso, non supón para o beneficiario a perda da axuda, sempre e cando no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ao Servizo de Benestar Social para a súa autorización. O traslado, de producirse, terá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte.

De producírense baixas entre os beneficiarios das axudas, estas serán cubertas por outros alumnos que se atopen na lista de agarda con menor renda per cápita, independentemente do colexio ao que pertencen, sempre que exista crédito.

O pagamento da axuda para libros e material escolar realizarase contra a presentación da correspondente factura polas librerías, dirixida á Concellería de Benestar Social cos requisitos legalmente establecidos, e con indicación clara e precisa do seu concepto, así como a identificación do beneficiario da subvención.

Artigo 10.- Perda do dereito á axuda e reintegro

Poderá revogarse, previa resolución ao respecto, a concesión da axuda outorgada no caso de producírense algúns dos seguintes supostos:

- A ocultación de información, se esta foi condición na concesión da axuda.

- O mal uso do servizo de comedor, entendendo como tal: mal comportamento no comedor, que impida ou prexudique o desenvolvemento normal da comida e provoque a expulsión do servizo segundo as normas de réxime interno do centro escolar para ese servizo.

- A falta de asistencia continuada e/ou intermitente e inxustificada ao comedor (a partir de 15 días naturais sen xustificar), pode ocasionar a baixa da prestación do servizo.

Calquera das circunstancias anteriormente mencionadas poderá dar lugar ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas en concepto de bolsa, cos seus intereses de demora legalmente correspondentes.

Artigo 11.- Recursos e impugnacións

Estas bases e cantos actos administrativos se deriven delas poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa e contra ela caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Non obstante, os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar un recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, en cuxo caso o prazo para a presentación do recurso contencioso-administrativo empezará a contarse dende a notificación da resolución desestimatoria, se fora expresa ou despois da súa desestimación tácita, que se producirá se no prazo dun mes non se resolve o recurso de reposición interposto (Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).

Artigo 12.- Imputación orzamentaria e contía

A concesión das subvencións que constitúen o obxecto destas bases estará limitada ao crédito máximo dispoñible no orzamento municipal para acción social en axudas de libros e material escolar e comedores escolares.

Artigo 13.- Convocatoria anual

A convocatoria anual establecerá os importes máximos das axudas, importes que poderán ser ampliados no caso de existencia de crédito na aplicación orzamentaria no momento da resolución ao abeiro do disposto na Lei 9/2007 de subvencións



de Galicia, sen que esta circunstancia dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

A convocatoria anual poderá acollerse á tramitación anticipada de gasto, segundo o disposto no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que aproba o Regulamento da Lei xeral de subvención (artigo 56) e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia (artigo 25). No suposto anterior, con base na normativa orzamentaria relativa aos expedientes de tramitación anticipada de gasto, a concesión das correspondentes axudas quedará sometida, en todo caso, á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento do Concello de Ourense no momento de acordar as respectivas resolucións concedentes.

Artigo 14.- Entrada en vigor

Estas bases reguladoras entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación.

Bienestar Social

La Junta de Gobierno Local, en la sesión ordinaria de 3 de abril de 2014, adoptó, entre otros el siguiente acuerdo:

1. Aprobar las bases de ayudas en especie para adquisición de libros de texto y material escolar y para comedores escolares.

2. Convocar las ayudas en especie de la Consellería de Bienestar social para adquisición de libros de texto y para comedor escolar, destinadas a familias del Ayuntamiento de Ourense que tengan menores a su cargo escolarizados en centros públicos o concertados, según las bases reguladoras de estas ayudas del Ayuntamiento de Ourense; con cargo a la partida 150 2310 22690, por importe de veinte mil euros (20.000,00 €) para libros de texto, y de la partida 150 2313 22642, por importe de ochenta y siete mil euros (87.000,00 €) para comedores escolares.

3. Publicar la presente convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense.

Bases reguladoras para la concesión de ayudas en especie para adquisición de libros de texto y material escolar y para comedores escolares

Artículo 1.- Objeto

Es objeto de estas bases la regulación de la concesión de ayudas para adquisición de libros de texto y material escolar y para comedor escolar, destinadas a unidades de convivencia en desventaja social y con menor poder adquisitivo del Ayuntamiento de Ourense que tengan niños y niñas a su cargo escolarizados en centros públicos o concertados del Ayuntamiento de Ourense, en los que no se segregue a los/las alumnos/as por sexo.

Artículo 2.- Naturaleza jurídica

Las ayudas que se conceden tendrán carácter de subvención y se regirán por la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, y normativa que la desarrolla y la Ley 9/2007 de Subvenciones de Galicia.

Artículo 3.- Compatibilidad

Las ayudas serán incompatibles con cualquier otra ayuda que haya podido percibirse con la misma finalidad de otras instituciones públicas o privadas.

Artículo 4.- Destinatario

Unidades de convivencia en desventaja social y con menor poder adquisitivo residentes en el ayuntamiento de Ourense que, al finalizar el plazo de presentación de solicitudes:

4.1. Cuenten con niños y niñas a cargo, escolarizados en centros de enseñanza públicos o concertados del Ayuntamiento de Ourense, según las siguientes condiciones:

4.1.1. Para el caso de las ayudas de libros y material escolar, estar matriculado en Educación Infantil (3, 4 y 5 años).

4.1.2. Para el caso de las ayudas de comedor, estar matriculado en Educación Infantil, Educación Primaria o Secundaria Obligatoria y tener plaza de comedor escolar en el centro.

4.2. Estén empadronados en el Ayuntamiento de Ourense, con tres meses mínimo de antigüedad, todos los miembros de la unidad de convivencia.

4.3. No superen los 3.500 € de renta per cápita anual. Se computará un miembro más en el caso de presentar alguno de ellos una discapacidad igual o superior al 33%, y también en el caso de ser familia monoparental (se entiende por familia monoparental la constituida por una sola persona progenitora/tutora con quien convive el/a niño/a, y que sea la única sustentadora de la familia).

A los efectos de estas bases reguladoras, se considera que forman la unidad de convivencia:

Los cónyuges, parejas de hecho o tutores legales, los hijos mayores y menores de edad y los ascendientes de los cónyuges, parejas de hecho o tutores legales que convivan en el mismo domicilio.

En los casos de separación o divorcio se considerará el padre o la madre que tenga la custodia de los menores por sentencia judicial. En el caso de custodia, compartidos ambos progenitores.

Artículo 5.- Lugar, plazo y forma de presentación de las solicitudes

Las solicitudes deberán presentarse, debidamente cumplimentadas, en el Registro General del Ayuntamiento de Ourense y ante los órganos señalados en el artículo 38.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común. El plazo de presentación será de 15 días hábiles, contados a partir del día siguiente al de la publicación de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia.

Las solicitudes, acompañadas de la restante documentación preceptiva y los anexos, deberán presentarse en el modelo normalizado de solicitud firmado por la persona solicitante (padre/madre/tutor/a) en el que se especificará el nombre del menor o menores, el centro escolar y el curso para el el cual se solicita la ayuda.

Las deficiencias y las omisiones en la solicitud y restante documentación preceptiva deberán enmendarse tras requerimiento, en el plazo de diez días desde la notificación, en la que se indicará que si no se hiciera se tendrá por desistido de su petición.

La presentación de la solicitud lleva consigo la aceptación incondicional de las bases reguladoras y de la convocatoria.

Artículo 6.- Documentación

La documentación preceptiva, que será entregada en copia y original para su compulsión, es la siguiente:

6.1.- Modelo normalizado de solicitud completamente cubierto, en el que se especificará el nombre del(s)/de la(s) niño(s)/a(s), el centro escolar y el curso para el cual se solicita la beca, firmado por la persona solicitante. En caso de custodia compartida deberá ser firmado por ambos progenitores.

6.2.- Declaración responsable del compromiso, datos, y cumplimiento de obligaciones firmado.

6.3.- Fotocopia de los DNI/NIE/pasaporte (en vigor) de todos los miembros de la unidad de convivencia y del(s) libro(s) de

familia completa (o, en su defecto, documentación que lo sustituya).

6.4.- *Fotocopia de la declaración del IRPF del ejercicio anterior al de la convocatoria correspondiente, de cada uno de los miembros computables de la unidad de convivencia. Aquellos que estén estudiando y sean mayores de 16 años, certificado del centro de estudios en el que se haga constar esta situación. Las personas perceptoras de pensiones de incapacidad deberán presentar obligatoriamente el certificado de pensión.*

En caso de no estar obligado a presentar la declaración del IRPF deberá juntar la siguiente documentación cada uno de los miembros de la unidad familiar mayores de 16 años:

- *Certificado de empresa de todas las empresas en las que trabajó en el ejercicio fiscal anterior, se hace más de una, u otros documentos que acrediten los ingresos obtenidos en ese año.*

- *Certificado del SEPE del cobro o no de prestaciones durante el ejercicio anterior.*

- *Justificante de pensión del ejercicio anterior, de ser pensionista (jubilación, discapacidad, viudedad, orfandad, favor familia,...).*

6.5.- *Impreso de autorización para la obtención de datos tributarios del año fiscal que corresponda de todas las personas empadronadas en el mismo domicilio y con lazos familiares. Las personas no obligadas a declarar presentarán igualmente esta autorización. Es obligación y responsabilidad de las familias estar al día en sus datos fiscales ante la Agencia Tributaria. No se tomarán en cuenta los datos fiscales de las familias sobre las las cuales Hacienda no certifique el cierre del año fiscal correspondiente o no estén dados de alta en la AEAT. En los anexos figura el modelo de autorización para consulta de datos de la Administración Tributaria.*

6.6.- *Informe de vida laboral completo y actualizado de la Tesorería de la Seguridad Social. En caso de haberlo solicitado, se presentará la copia del resguardo de la solicitud y el informe se juntará a la solicitud en cuanto sea emitido y recibido. Las personas que tengan la condición de empleados de la administración pública, y su vida laboral se rija por entidades distintas a la Seguridad Social (MUFACE, ISFAS, MUNPAL, etc,...), deberán presentar certificación que sustituya a la de la vida laboral.*

6.7.- *Justificante de ingresos de las siguientes prestaciones, en el caso de haber sido beneficiario en el año anterior al de la convocatoria:*

- *Prestación por hijo a cargo.*

- *RISGA.*

6.8.- a) *En el caso de separación o divorcio legal, copia de la sentencia y del convenio regulador, así como justificantes bancarios de las aportaciones económicas establecidas en la sentencia. En situaciones de impago, copia de la solicitud de ejecución de sentencia presentada ante el juzgado o justificante de inicio de las actuaciones.*

b) *En caso de uniones de hecho en las que no exista convivencia, sentencia de guarda, custodia y alimentos, así como justificante de las aportaciones económicas establecidas en dicha sentencia. En situaciones de impago, copia de la solicitud de ejecución de la sentencia presentada delante del juzgado o justificante del inicio de las actuaciones.*

6.9.- *En el caso de que las/los menores estén en situación de acogimiento por resolución administrativa o auto judicial, deberá acreditarse mediante copia del certificado del organismo competente y, en su caso, la cuantía de la remuneración.*

El certificado de empadronamiento y convivencia será incorporado al expediente de oficio.

El/la solicitante queda obligado a comunicar al ayuntamiento cualquier alteración de las circunstancias que motivaron la concesión de la bolsa.

En los casos de nulidad, separación o divorcio de los progenitores, el responsable de la bolsa será el padre o madre que tenga atribuida la custodia del menor, de acuerdo con lo establecido en el convenio regulador o sentencia judicial.

En el supuesto de acogimiento, el responsable de la beca será la persona o personas que lo hayan adjudicado por resolución administrativa o auto judicial.

En ningún caso podrán ser responsables de la beca los progenitores privados de la patria potestad de sus hijos, o si la tutela o la guardia haya sido asumida por una institución pública.

Artículo 7.- Criterios de valoración y cuantía de las ayudas

Las ayudas se concederán por rigurosa orden, atendiendo a la menor renta per cápita, hasta agotar el presupuesto asignado a cada proyecto. Las unidades de convivencia que, aún reuniendo los requisitos de esta convocatoria, no aparezcan como beneficiarias, quedarán en lista de espera. Podrán concederse más ayudas, respetando la orden de la lista de espera, en el caso de que se produzcan bajas o exista más disponibilidad presupuestaria.

7.1.- Cuantía ayudas en especie para libros y material escolar Educación Infantil:

1º de Educación Infantil (3 años): 90 € por alumno/a

2º de Educación Infantil (4 años): 110 € por alumno/a

3º de Educación Infantil (5 años): 125 € por alumno/a

7.2.- Cuantía ayudas de comedor

En los centros públicos se pagará la totalidad y en los concertados 45 € mes, teniendo la obligación los padres de hacer frente al pago de la diferencia.

Artículo 8.- Tramitación y resolución de las solicitudes

Las solicitudes se tramitarán de conformidad con la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia, y la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, Ley General de Subvenciones, de acuerdo con su disposición última primera.

La instrucción del procedimiento de concesión corresponde a la Jefatura del Servicio de Bienestar Social, que realizará cuantas actuaciones estime necesarias para la determinación, conocimiento y comprobación de los datos en virtud de los cuales deberá formular las propuestas de resolución. La resolución definitiva corresponderá a la Junta de Gobierno del Ayuntamiento de Ourense.

El plazo para la resolución definitiva de las peticiones de subvención será de cuatro meses. El vencimiento del plazo máximo sin que sea comunicada la resolución legítima a los interesados para entender desestimada la solicitud por silencio administrativo.

Toda publicación/notificación, sea individual o colectiva, a que haga referencia estas bases se realizará mediante publicación en la localización web y tablón de anuncios del ayuntamiento de Ourense. La publicación sustituirá a la notificación personal y tendrá los mismos efectos, según la Ley 30/1992.

La resolución provisional se publicará en el tablón de edictos del ayuntamiento, situado en la plaza Mayor, n.º 1, y en la página web del ayuntamiento (www.ourense.es), concediéndose un plazo de 10 días para presentar alegaciones y/o enmendar documentación. En estas listas provisionales se reflejarán todas las solicitudes: las completas, las denegadas y las pendientes de enmendar documentación, advirtiendo en este último caso, que, de no enmendar en plazo, quedarán denegadas.

La resolución definitiva que se adopte y las listas de solicitudes admitidas, denegadas, y en lista de espera serán, asimis-



mo, publicadas en la misma forma que la resolución provisional. Estas publicaciones sustituirán a la notificación en los términos que se establecen en el artículo 59.6 b. y 60 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

Los beneficiarios tendrán un plazo de 10 días, desde la notificación de la resolución definitiva, para aceptar o rechazar la subvención; de no producirse manifestación expresa, se entenderá aceptada tácitamente.

Las listas provisionales y las definitivas se publicarán con el nombre y apellidos de los/las solicitante de las ayudas.

Artículo 9.- Pago y justificación

9.1.- Ayudas en especie para libros y material escolar

El pago de estas ayudas se realizará mediante entrega de vales según el siguiente procedimiento:

Los beneficiarios de la beca para libros deberán entregar la lista de los libros y material de los menores sellada por el centro escolar, en la primera quincena del mes de septiembre, y el ayuntamiento les entregará los vales para cambiar en librerías del Ayuntamiento de Ourense.

9.2.- Ayudas de comedor

El precio de la plaza de comedor será comunicado al servicio de Bienestar Social del ayuntamiento por el centro escolar, previamente deducidas las subvenciones recibidas o pendientes de recibir, para la misma finalidad, teniendo la obligación los padres de hacer frente al pago de la diferencia no subvencionada.

Las ayudas se conceden a las familias y se pagarán a los centros. Los centros asumen el compromiso de comunicar las bajas y los traslados de los/las alumnos/as beneficiarios/as al servicio de Bienestar Social.

9.3.- Pago a los colegios y seguimiento de las ayudas

- El pago de la ayuda para comedor se realizará contra la presentación de la correspondiente factura por los centros escolares dirigida a la Consellería de Bienestar Social con los requisitos legalmente establecidos, y con indicación clara y precisa de su concepto, así como la identificación de la persona que percibe la subvención. En los centros concertados, las empresas encargadas del servicio de comedor o, en su caso, los propios centros, deberán aportar con la factura mensual los justificantes de pago de la diferencia realizado por los padres o tutores de los/as niños/as.

El traslado de centro docente, a lo largo del curso, no supone para el beneficiario la pérdida de la ayuda, siempre y cuando en el nuevo centro exista disponibilidad de plaza y sea comunicado al servicio de Bienestar Social para su autorización. El traslado, de producirse, tendrá efectos a partir del primer día del mes siguiente.

De producirse bajas entre los beneficiarios de las ayudas, estas serán cubiertas por otros alumnos que se encuentren en la lista de espera con menor renta per cápita, independientemente del colegio al que pertenezcan, siempre que exista crédito.

- El pago de la ayuda para libros y material escolar se realizará contra la presentación de la correspondiente factura por las librerías dirigida a la Consellería de Bienestar Social con los requisitos legalmente establecidos, y con indicación clara y precisa de su concepto, así como la identificación del beneficiario de la subvención.

Artículo 10.- Pérdida del derecho a la ayuda y reintegro

